



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CORRECCIÓN ERRO CONVOCATORIA XGL 29/12/2016

Visto que por Decreto número 774/2016, do 27 de decembro, convocouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 29 de setembro de 2016, ás 10:00 horas, coa orde do día que se recolle no seu apartado primeiro e visto que no punto 21 denominado <<Aprobación da terceira certificación-parcial da obra "Saneamento en Muíños-Tarrio (Escravidude) e outro" (POS 2013)>>, cometeuse o erro na súa denominación, e

Considerando que o artigo 109.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que "las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos",

RESOLVO:

Primeiro. Correxir o erro cometido na orde do día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de decembro de 2016 que se recolle no apartado primeiro do Decreto número 774/2016, do 27 de decembro, de tal xeito que onde di:

21.- Aprobación da Terceira certificación-parcial da obra "Saneamento en Muíños-Tarrio (Escravidude) e outros" (POS 2013).

Debe dicir:

21.- Aprobación da Cuarta certificación-final da obra "Saneamento en Muíños-Tarrio (Escravidude) e outros" (POS 2013).

Segundo. Ordenar a publicación do correspondente anuncio de corrección de erros na páxina web do Concello de Padrón e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)